

DIRECCION (chaleco amarelo)

Acode co conserxe ó punto de emerxencia.

Valora a emerxencia in situ.

En caso de non poder controlala decide a evacuación do centro:

- Avisa ao conserxe e a administración da evacuación do centro.
- Chama ós servizos de emerxencia exterior (bombeiros, policía, ambulancia..., etc.) e transmítelle os datos da emerxencia. A poder ser deixar un telefono de contacto móbil operativo.
- Ordea: o corte de subministracións (eléctrica, gas..., etc), a apertura de portalóns de acceso ó centro para deixar paso as axudas de emerxencia externas e o bloqueo do ascensor.
- Acode ó seu despacho ou na conserxería e colle o chaleco fotoluminiscente amarelo, unha copia do plan de autoprotección (o xogo de plans descritivos do centro) e unha copia das chaves dos locais de risco especial (transformador, sala de caldeiras, cadro eléctrico xeral, etc).
- Acode recibir ós servizos de emerxencia exterior ó punto establecido (comunicación telefónica) e recolle os datos que lle transmite o equipo de identificación e control (secretario/a ou xefe/a de estudos) en relación a incidencias de evacuación.
- Acode ao punto de encontro (conserxería) e dá instrucións ao persoal que puidese estar libre (profesorado de garda, biblioteca, administración...etc) de instrucións que crea convenientes (revisión dunha planta do centro, control de portas de saídas de emerxencia...etc).

Recomendacións:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNION FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCIÓNS.

No PUNTO DE REUNION:

- Acode a recibir aos servizos de emerxencia exterior no punto establecido (comunicación telefónica) e recolle os datos que lle transmite o equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) en relación as incidencias da evacuación.
- Espera a chegada dos servizos de emerxencia exterior e transmitelle a situación do centro, cédelle o plan (ou xogos de planos do centro), e a copia das chaves dos locais de risco.

